

**CONSELLERÍA DE AGRICULTURA,
GANDERÍA E POLÍTICA
AGROALIMENTARIA**

Corrección de erros.-Orde do 13 de maio de 2005 pola que se establecen as bases reguladoras de concesión de axudas en réxime de concorrència competitiva para a renovación do parque de tractores da Comunidade Autónoma de Galicia e se convocan para o ano 2005.

Advertidos erros nos anexos da citada orde, publicada no DOG nº 93, do 16 de maio de 2005, substitúense a folia 1 de 3, da páxina número 8.222 e as claves e instrucións para cubrir a solicitude, da páxina 8.226, polas que se engaden a seguir.

Dado que a presente corrección non supón modificación ningunha do contido da orde, as solicitudes presentadas con anterioridade á publicación desta corrección de erros, serán admitidas sen necesidade de actuación ningunha por parte do interesado.

ANEXO I - MODELO XERAL DE SOLICITUDE DE AXUDA


XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE
POLÍTICA AGROALIMENTARIA
E DESENVOLVEMENTO RURAL



**MINISTERIO DE
AGRICULTURA, PESCA E
ALIMENTACIÓN**



Nº EXPEDIENTE

--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--

DATA DE SOLICITUDE

--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--

PROCEDEMENTO

**AXUDAS PARA A RENOVACIÓN DO PARQUE DE TRACTORES DA
COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA**

CÓDIGO DO PROCEDEMENTO

AG462A

DOCUMENTO

SOLICITUDE

SITUACIÓN DA EXPLOTACIÓN

PROVINCIA		COMARCA		CONCELLO		PARROQUIA	
CEA		OAC		CÓDIGO INE			

TITULAR DA EXPLOTACIÓN

TIPO ☐ (VER CLAVE 1)	CLASE (VER CLAVE 2)	DATA DE NACEMENTO OU CONSTITUCIÓN	Nº SOCIOS	AP
Nº SOCIOS RESPONSABLES DA XESTIÓN	% AP	NIF OU CIF	Nº S. SOCIAL	TIPO SS
APELIDOS E/OU NOME E/OU ENTIDADE				
ENDEREZO				CÓDIGO POSTAL
CONCELLO	TELÉFONO	TIPO CAPACITACIÓN PROFESIONAL (VER CLAVE 4)		
EXPLOTACIÓN PRIORITARIA	AGRICULTOR MOZO	ZONA DESFAVORECIDA/MONTAÑA	TEN APROBADA/SOLICITADA UNHA AXUDA DO RD 204/1996 OU RD 613/2001	Nº EXPEDIENTE

DATOS DA EXPLOTACIÓN

ORIENTACIÓN PRODUCTIVAS DA EXPLOTACIÓN				
	Uds.	Marxe bruta	Gastos fixos	Marxe neta
Principal ☐ (*)				
Segunda ☐ (*)				
Terceira ☐ (*)				
			TOTAL	
CÓDIGO OTE				
(*) Ver claves				
MAN DE OBRA				
	ACTUAL			
	HORAS	UTA	SALARIO	
PROPIA: Titular/es				
Familiares e socios				
TOTAL PROPIA				
ASALARIADA: Fixa				
Eventual				
TOTAL ASALARIADA				
TOTAL UTA EMPREGADA				

CLAVES E INSTRUCCIÓN PARA CUBRIR A SOLICITUDE

A.- CLAVES					
1.- TIPO DE TITULAR: 0.- Agricultor individual muller. 1.- Agricultor individual home. 2.- Sociedade. 3.- SAT. 4.- Cooperativa agraria. 5.- CMVMC. 6.- Outras. 7.- Comunidade de bens. 8.- Agrupación de servizos. 9.- Cooperativa de explotacións comunitaria da terra ou de traballo asociado na actividade agraria.			2.- CLASE DE AGRICULTOR: 2.- Agricultor profesional (AP). 3.- Non agricultor profesional.		
			3.- SEGURIDADE SOCIAL: 1.- Réxime especial agrario da S.S. conta propia. 2.- Outro da rama agraria. 3.- Outro.		
4.- CAPACITACIÓN PROFESIONAL: a) Capataz agrícola, FPI agraria ou nivel de formación agraria máis alto. b) Exercicio da actividade agraria polo menos durante 5 anos. c) Actividade agraria e cursos de capacitación suficientes. d) Mozo que ten realizados cursos por un mínimo de 200 horas. e) Mozo que se compromete a realizar cursos por un mínimo de 200 horas.					
5.- DEDICACIÓN DA TIERRA E GANDO:					
DEDICACIÓN DA TERRA			GANDO		
CLAVE	CONCEPTO	HECTÁREAS	CLAVE	CONCEPTO	AC
5	Millo				
02	Cultivos foraxeiros				Ud
03	Pradaría artificial				
04	Pradaría natural		5	Vacas leite	
05	Pasteiros		45	Xovencas leite	
06	Pataca		46	Vacas carne	
07	Amorodo		47	Xovencas carne	
08	Kiwi		48	Xovencas ceba	
09	Outras froiteiras		49	Ovellas	
10	Hortalizas aire libre		50	Cabras	
11	Flor aire libre		51	Eguas	
12	Invernadoiro flor		52	Visóns femias	
13	Invernadoiro hortaliza		53	Coellas	
14	Viveiros		54	Enxames	
15	Viñedo preferente		55	Porcas nai	
16	Viñedo non preferente		56	Porcos ceba	
17	Outros cereais		57	Outro gando	
18	Outros cultivos		58	Aves carne	
19					

B.- INSTRUCCIÓN PARA CUBRIR A SOLICITUDE

Nesta solicitude trátase de recoller os datos para a solicitude de achatarramento dun tractor para a adquisición dun novo.

A data da solicitude será a do rexistro de entrada na Administración.

Situación da explotación: cubriranse todos os puntos en relación coa localización da explotación.

Datos do mozo:

- Tipo de titular: segundo o indicado na clave 1.
- Clase de agricultor: segundo o indicado na clave 2.
2. Agricultor profesional: segundo o indicado no punto 5 do artigo 2 do R.D. 613/2001.
- Tipo de S.S.: segundo a clave 3.
- Orientacións produtivas segundo clave 5.
- Man de obra 1920 por UTA completa.

No caso de sociedades cooperativas, ademais de cubrir integramente o anexo II:

No punto de titular de explotación do anexo I cubriranse EXCLUSIVAMENTE os seguintes datos:

- Tipo de titular: segundo o indicado na clave 1.
- CIF.
- Nome da entidade.

No punto de viabilidade económica da explotación do anexo I:

Marcarase cunha "X" no cadro de "Outras situacións (artigo 5º.2 desta orde). Realización do estudo económico".

No resto dos puntos referentes aos "datos do tractor a achatar e novo", a "contía das axudas", "datos bancarios" e "documentación que se xunta" do anexo I: cubrirase integramente segundo o que corresponda.

Corrección de erros.-Orde do 27 de maio de 2005 pola que se prorroga o prazo de presentación de alegacións e solicitudes de modificación do sistema de información xeográfica de parcelas agrícolas, establecido pola Orde do 24 de xaneiro de 2005.

Advertidos erros na citada orde, publicada no DOG nº 103, do 31 de maio de 2005, é necesario efectuar a seguinte corrección: na páxina 9.376, no terceiro parágrafo da orde, onde di: «estímase necesaria a prórroga do citado prazo de presentación de alegacións e solicitudes de modificación do SIXPAC ata o 15 de xuño de 2005», debe dicir: «estímase necesaria a prórroga do citado prazo de presentación de alegacións e solicitudes de modificación do SIXPAC ata o 30 de xuño de 2005».

CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS, EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS

Resolución do 12 de abril de 2005, da Delegación Provincial de Lugo, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, do convenio colectivo de ámbito provincial para a empresa Celta Prix, S.L., limpeza viaria e recollida de RSU do concello de Burela.

Visto o texto do convenio colectivo para a empresa *Celta Prix, S.L.*, limpeza viaria e recollida de RSU do concello de Burela (código 2700951), da provincia de Lugo, asinado o día 31 de marzo de 2005, pola representación dadevandita empresa e a dos seus traballadores, e de conformidade co disposto no artigo 90.2º e 3º do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores e no Real decreto 1040/1981, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo, esta delegación provincial

ACORDA:

Primeiro.-Ordenar a inscrición do citado convenio colectivo no rexistro de convenios desta delegación, así como o seu depósito.

Segundo.-Remitir o texto do citado convenio colectivo á Dirección Xeral de Relacións Laborais da Xunta de Galicia.

Terceiro.-Dispoñer a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Lugo, 12 de abril de 2005.

Ana Chao Vázquez
Delegada provincial de Lugo

Primeiro convenio colectivo para a empresa
Celta Prix, S.L., limpeza viaria e recollida
de RSU do concello de Burela

Artigo 1º.-Ámbito funcional.

Este convenio colectivo é de ámbito de empresa e regula as relacións laborais na empresa concesionaria dos servizos públicos de limpeza viaria e recollida de lixo do concello de Burela *Celta Prix, S.L.*

Artigo 2º.-Ámbito territorial.

Este convenio colectivo subscríbese para o ámbito territorial do termo municipal de Burela, no cal *Celta Prix, S.L.* realiza, por concesión administrativa do Concello de Burela, a limpeza viaria e recollida de lixo no indicado termo municipal.

Artigo 3º.-Ámbito persoal.

Quedan sometidos ás estipulacións deste convenio os traballadores da empresa concesionaria dos servizos de limpeza viaria e recollida de lixo do concello de Burela.

Artigo 4º.-Ámbito temporal, denuncia e prórroga.

A vixencia deste convenio estenderase desde o 1 de xaneiro de 2005 ao 31 de decembro de 2008, con independencia da súa data de publicación no BOP ou DOG, retrotraéndose os seus efectos ao 1 de xaneiro de 2005.

Entenderase denunciado automaticamente con dous meses de antelación ao seu vencemento, prorrogándose o actual convenio ata a entrada en vigor do seguinte. A representación dos traballadores comprométese a presentarlle á empresa un anteproxecto de novo convenio antes do 31 de decembro de 2008 e as negociacións iniciaranse antes do 15 de xaneiro de 2009.

Artigo 5º.-Entrada en vigor.

Este convenio entrará en vigor a partir da súa publicación no BOP de Lugo ou DOG, aínda que os efectos económicos terán vixencia desde o 1 de xaneiro de 2005.

Artigo 6º.-Salarios.

Despois de revisadas as táboas salariais de 2004 co IPC real resultante a 31-12-2004, as táboas para os catro anos de vixencia do convenio incrementaranse segundo o seguinte:

-Para o ano 2005 incrementaranse as táboas de 2004 co IPC real.